

A CIDADE OU A ALDEA???

Lembro aquela nena de cabelos louros e pel tostada que respondía ao nome de Sara, vivía naquela aldea, que por non ter, non tiña nin camiños asfaltados que chegaran ata ela.

Erguíase todas as mañás cedo, leda, sen espertador, só co canto dun galo presumido, que sempre cantaba coa primeira raiola de luz.

Non tiña pan fresco, nin bolos de leite, nin galletas, nin cereais, pero almorzaba leite da vaca Pinta recién muxida, cun anaquiño de pan reseso, pero contenta porque na mesa sempre sentaban con ela os seus avós e a súa irmá pequena, que lles contaban historias de cando eles eran novos. A Sara encantáballe vivir así.

Pero un día chegou a aldea unha rapazola chamada Valentina, filla dunha amiga da súa nai e toda contenta pensou que xa tiña unha amiga coa que xogar e pasalo aínda mellor, xa que tiña con quen contartir as súa fazañas.

Valentiña ía vivir con ela na súa casa xunto co seu pai que tivera que vir para facer unha ponte nova que comunicaría a aldea co pobo da outra beira do río.

Así que Sara e Valentina foron dar unha volta pola aldea.

E Sara dixo:

- Ven Valentina!!! sube a esta árbore e verás que lugar tan fermoso temos ós nosos pés!!!
- Non, como se che ocorre semellante cousa? Non ves que podo rachar os meus pantalóns de marca!!

Sara que non entendía, que máis daba rachar os pantalóns se as vistas eran espectaculares.

E sen pensalo baixou da árbore e púxose a camiñar á beira de Valentina. Levaban un chisco andando e Sara volveu a dicir:

- Valentina!!! ven chapuzar nesta poza, verás que divertido é!!
- Non, pero bueno, ti estas mal da cachola?? Queres que estropee os meus zapatos novos??

Sara quedou pensativa e ó mesmo tempo bloqueada e pensou “ que nena máis rara, que non lle gusta facer cousas divertidas, só se dedica a manexar ese trebello que ten no peto”

Así pasou o día, e outro, e outro máis, pero Sara e Valentina cada día tiñan menos en común, ou mellor dito, xa nunca tiveran nada en común.

Un día que Sara estaba moi triste e non quería ir dar o paseo con Valentina, esta pregntoulle:

- Sara que che pasa? Agora xa non fas esas cousas divertidas que me facían rír.
- Para que? Contestou Sara, se as fago eu soa e ti miras, onde esta a gracia?
- Pois a min divertíanme moito eses paseos contigo, era tan divertido verte subida ás árbores, tirarte na leira e verte a cara chea de terra. Por que non o segues a facer?
- Porque o divertido é facelo cunha amiga non soa. E ti estás sempre pendente dese trebello que tes no peto e parece que nin caso me fas.
- Iso non é verdade. Encántame todo o que ti fas e como deixei as miñas amiga na cidade, ti e as túas travesuras fanme rir e pensar menos no que deixei atrás.
- E logo, porque estás sempre pendente dese trebello? Non o entendo.
- Ese trebello como ti o chamas e un teléfono móbil. Sérveme para que as miñas amigas da cidade me conten como van as cousas por alá, e de vez en cando mándanme algunha foto e así non me sinto tan soa.

Sara que estaba sentada nunha cadeira dou un brinco e púxose en pé e dixo toda emocionada:

- Xa está!!! Xa o teño!!!! podemos facer unha cousa. Eu ensínoche a rubir polas árbores, chapuzar nas pozas, dar tumbos polas leiras e vir para a casa chea de terra, pero cun sorriso nos beizos e ti ensínasme a usar iso que ti chamas teléfono móbil. Que che parece?
- Ben!!! pois imos aló.

As dúas mociñas saíron ledas da casa de Sara. Xogaron toda a tarde polas leiras, subindo e baixando das árbores, collendo cágados na fervenza, tirando pedras á auga do río, e como facía moita calor ata se bañaron e despois estombáronse para secar a roupa ó sol. Chegaron tan cansas á casa que

ningunha das dúas se acordaron de cear.

A mañá seguinte Valentina moi leda foi espertar a Sara:

- Sara, mira que foto máis fermosa me mandaron da cidade??? Estas son as miñas amigas saltando á corda na praza, diante da Catedral.

Sara que nunca saíra da aldea quedou un chisco sen fala, cando pudo articular palabras dixo:

- Na miña vida vin un edificio tan grande e fermoso!!! podesme ensinar máis?

E así pasaron a mañá vendo fotos, falando coas súas amigas da cidade, vendo os novos modelíños que se venden nas tendas, as películas do cine, as comidas tan diferentes que se ofrecen nos restaurantes,...

Os días pasaban máis rápido, e detrás dos días pasaban as semanas e os meses, e chegou o día no que Valentina tivo que voltar á cidade.

Valentina aprendera que o importante non é a roupa cara, nin os zapatos novos, Sara tamén aprendeu cousas interesantes sobre a cidade.

Cando Valentina marchou doulle o seu teléfono móbil á súa amiga. E Sara quedou outra vez coas historias matinais dos seus avós, coas árbores e unhas vistas marabillosas, cunha leira chea de terra que arrecende distinto cando se esta leda, cun río cheo de ras que croan no medio dos nenúfares,...

Pero agora Sara ten un teléfono móbil,... Seguirá Sara sendo a mesma nena leda, cun gran sorriso nos beizos???

A pesar de vivir nunha gran cidade, non me podo esquecer do ben que se vive na aldeña onde os días son máxicos e a xente non pasa desapercibida. (Landeira)